

SADAMAIORÍA

ESTATUTOS

CAPÍTULO PRIMEIRO: DENOMINACIÓN, FINS, DOMICILIO.

Art. 1: Denominación.

Ao abrigo do artigo 6º da Constitución española e da Lei Orgánica 6/2002, de 27 de xuño, de Partidos Políticos, constitúese o partido político denominado SADA MAIORÍA, cuxas siglas son SADAMAIORÍA, e sendo o símbolo do partido as letras en maiúsculas Sadamaioría, das cales Sada e a letra O en cor azul e as restantes en gris.



Art. 2: Ámbito e Fins

1.-Sadamaioría é un partido cuxo ámbito de actuación é o termo municipal de Sada, constituído para contribuir á rebelión democrática, pondo as institucións ao servizo da cidadanía e baixo o seu control participativo, apropiándose das ferramentas necesarias para combater a desigualdade e construír unha cidade e un país distintos.

Sadamaioría nace como resultado dunha plataforma cidadá para trasladar ao nivel institucional municipal os valores dunha cidade plural e heteroxénea, de carácter aberto, avanzado, solidario, tolerante e igualitario, en contra do modelo dominante de cidade dirixida por unha minoría que goberna para se enriquecer e servir os seus propios intereses.

2.- Son principios básicos de Sadamaioría os da xustiza social igualitaria, sustentabilidade, participación cidadá e transparencia, así como a defensa do laicismo, o feminismo e a transmisión do legado e a memoria (idioma e cultura propias de Galiza).

3.- Son fins específicos de Sadamaioría:

a) Empoderamento da cidadanía: fomento da participación da cidadanía nas decisións públicas, rematando coa separación entre gobernantes e gobernados/as e sometendo a actuación municipal aos principios de control democrático, publicidade e máxima transparencia. Con esa finalidade promoveranse iniciativas de auto-organización cidadá: asociación de veciñas/os, centros sociais e culturais, formas de lecer e deporte de base ou cooperativas de consumo.

b) Defensa dos dereitos sociais básicos, garantindo o acceso a unha educación, sanidade, e servizos sociais, públicos, universais, dignos e gratuítos.

c) Promoción da igualdade e a integración social en todos os ámbitos, como garantía de cohesión social e liberdade.

d) Economía social ao servizo da xente, guiada polos principios de solidariedade e sustentabilidade.

e) Política de ordenación territorial e urbanística, ambientalmente sustentábel, ao servizo do interese público xeral, en contra da especulación e os despexos e a favor do dereito a unha vivenda digna.

f) Defensa dos servizos públicos, evitando a privatización da súa xestión.

g) Política fiscal progresiva, na que prime o aforro enerxético e o emprego de enerxías renovábeis.

h) Auditoría e control cidadán das contas públicas. Orzamentos participativos.

3.- O ámbito municipal de actuación é compatíbel no seu caso, coa participación de Sadamaioría en coalicións electorais de ámbito supramunicipal.

Art. 3: Domicilio

1.- O domicilio social radica en Rúa A Lagoa, 16-Baixo 15160 Sada

2.- O domicilio poderá ser modificado por acordo da Asemblea Xeral.

3.- A páxina web é www.sadamaioria.org.

CAPÍTULO SEGUNDO: AFILIADOS. DEREITOS E DEBERES.

Art. 4: Afiliación.

1.- Poderán ser afiliadas de Sadamaioría as persoas físicas, maiores de idade, que non teñan limitada nin restrinxida a súa capacidade de obrar, así como as/os cidadáns estranxeiros cando a normativa vixente o permita.

2.- A afiliación a Sadamaioría é compatíbel coa afiliación a outros partidos, asociacións, sindicatos ou outras formas asociativas.

3.- Todas as persoas afiliadas gozan dos mesmos dereitos e deberes.

4.- Mediante disposición regulamentaria de desenvolvemento dos presentes Estatutos, poderanse recoñecer outras formas de participación no partido diferentes da afiliación.

Art. 5: Admisión.

1.- A calidade de afiliada/o ó partido adquirese a solicitude da/o interesada/o por acordo da Asemblea Xeral e por medio do seguinte procedemento:

a) A solicitude de afiliación dirixirase á Asemblea Xeral, ben por medio de solicitude por escrito ou ben mediante solicitude no espazo habilitado para iso na páxina web de Sadamaoría. A solicitude deberá ir subscripta pola persoa solicitante e por un mínimo de dous afiliadas/os en condición de avalistas da mesma.

b) A solicitude de afiliación será obxecto de resolución expresa por acordo, por maioría simple, da Asemblea Xeral no prazo máximo de tres meses desde a solicitude. Tanscorridos os tres meses desde a solicitude en resolución expresa, entenderase que procede a admisión na condición de afiliada/o.

c) O acordo da Asemblea Xeral será comunicado á persoa solicitante no prazo máximo de dez días desde o mencionado acordo que, no caso de denegación, deberá ser motivado.

2.- Existirá no partido o Libro de Rexistro de Afiliación, onde constarán os datos de altas e baixas definitivas.

Art. 6: Dereitos da afiliación.

Son dereitos das persoas afiliadas:

1.- A participaren nas actividades do partido e nos órganos de goberno e representación, a exercerem o dereito de voto, así como asistiren á Asemblea Xeral, de acordo cos estatutos.

2.- A seren electores e elixíbeis para os cargos do mesmo.

3.- A seren informados sobre a composición dos órganos directivos e de administración ou sobre as decisións adoptadas polos órganos directivos, sobre as actividades realizadas e sobre a situación económica.

4.- A impugnaren os acordos dos órganos do partido que estimen contrarios á lei ou aos estatutos.

5.- A expresaren e exercerem libremente o dereito de opinión e crítica.

6.- A controlaren a acción política do partido, así como a da representación institucional, tanto no Concello como noutras institucións.

7.- A non seren discriminadas/os por ningunha razón.

Art. 7: Obrigacións da afiliación.

Todas as persoas afiliadas cumprirán as obrigacións que resulten das disposicións estatutarias e, en todo caso, as seguintes:

1.- Compartiren as finalidades do partido e colaboraren para a consecución das mesmas.

2.- Respectaren o disposto nos estatutos e nas leis.

3.- Acataren e cumpriren os acordos validamente adoptados polos órganos directivos do partido.

4.- Pagaren as cotas e outras achegas que, segundo os estatutos, poidan corresponder a cada un, así como, no seu caso, cumpriren coa carta financeira.

5.- No caso de persoas afiliadas con representación institucional ou que desempeñan cargos ou funcións orgánicas de administración ou xestión, subscribiren o código ético do partido e a carta financeira, así como dar conta periódica da súa actividade e xestión ou cando así se lle requira pola Asemblea Xeral.

Art. 8: Baixa de afiliación.

Calquera persoa afiliada do partido poderá cesar no mesmo libremente a medio da oportuna comunicación por escrito, procedéndose a inscribir no libro Rexistro con data de efectos da data de entrada da comunicación.

Art. 9.- Réxime disciplinario.

1.- A persoa afiliada que incumprise cos seus deberes co partido, ou que coa súa conduta pública ou privada menoscabe ou atente contra os principios de Sadamaioría e/ou as súas normas de funcionamento, será obxecto do correspondente procedemento disciplinario do que se lle dará audiencia, segundo o seguinte procedemento:

a) A apertura do procedemento será por acordo da Asemblea Xeral por maioría simple, debendo figurar o asunto na orde do día. Nese acordo, que deberá ser motivado, determinarase a identidade da persoa instrutora. Nesta xunta procederase ao seu traslado ao Comité Ético.

b) No prazo máximo de cinco días desde o mencionado acordo, darase traslado deste á persoa afiliada inquirida aos efectos de presentación de alegacións, fixando para iso un prazo de 15 días.

c) Presentadas, no seu caso, as alegacións, éstas deben ser informadas e ditaminadas polo Comité Ético, quen deberá formular a proposta de resolución, debidamente motivada, no prazo máximo de dez días desde a presentación de alegacións ou, no seu defecto, desde a finalización do prazo de audiencia.

d) A resolución do procedemento é competencia da Asemblea Xeral, por acordo de 2/3 da afiliación asistente á mesma, debendo figurar o asunto na orde do día. A Asemblea deberá ter lugar no prazo máximo de quince días desde a presentación polo Comité Ético do seu ditame e proposta de resolución.

e) A resolución será comunicada á persoa interesada no prazo máximo de cinco días desde a adopción do acordo.

f) Contra a resolución, a persoa interesada poderá interpor un recurso ante a Asemblea Xeral no prazo de dez días desde a notificación da mesma. A Asemblea Xeral resolverá no prazo máximo dun mes desde a entrada do recurso.

2.- O procedemento disciplinario rexerese polos principios de legalidade, motivación, obxectividade, neutralidade, imparcialidade, celeridade, defensa e contradición, así como o de proporcionalidade.

3.- As infraccións serán cualificadas de moi graves, graves e leves.

Son faltas moi graves:

- a) O incumprimento do Código Ético do partido ao que fai referencia a Disposición Adicional Segunda destes Estatutos.
- b) Actuación manifestamente contraria aos principios, fíns, obxectivos e acordos do partido.
- c) No caso de cargos institucionais, non someterse aos mandatos de revogabilidade, negarse a dar conta da súa actuación perante a Asemblea Xeral ou, no seu caso, incumprir coa Carta Financeira.
- d) A acumulación de dúas ou mais faltas graves.

Son faltas graves:

- a) O incumprimento dos acordos e resolución dos órganos da Sadamaioría por parte de quen estea obrigado á súa execución.
- b) A inobservancia, abandono ou desatención graves no exercicio das responsabilidades que lle corresponda como cargo orgánico ou institucional.
- c) A detención ou atribución de responsabilidades políticas ou institucionais sen título habilitante ou acordo previo para iso.
- d) O impago de cotas en mais de tres meses nun ano.
- e) A acumulación de dúas ou mais faltas leves.

Son faltas leves:

- a) Actuacións públicas que teñan por obxecto desacreditar ou denigrar sen fundamento o partido ou os seus membros. Non terán natureza de feito sancionable o lexítimo exercicio do dereito á discrepancia política.

- b) A inobservancia, abandono ou desatención leves no exercicio das responsabilidades que lle corresponda como cargo orgánico ou institucional.
- c) O impago de cotas que non teñan a natureza de graves.

4.- As sancións que se poderán impor serán as seguintes:

As faltas moi graves poderán sancionarse con:

- a) Suspensión de militancia por prazo de entre seis meses e un ano.
- b) Inhabilitación para o desempeño de cargos orgánicos ou para a concorrencia a procesos electorais internos, de entre seis meses a un ano.
- c) Expulsión do partido.

As faltas graves poderán sancionarse con:

- a) Suspensión de militancia por prazo de entre un ata seis meses.
- b) Inhabilitación para o desempeño de cargos orgánicos ou para a concorrencia a procesos electorais internos de entre un ata seis meses.

As faltas leves poderán sancionarse con:

- a) Amonestación verbal ou por escrito.
- b) Suspensión de militancia por prazo de entre 15 días e ata un mes.

CAPÍTULO TERCEIRO: ÓRGANOS DE REPRESENTACIÓN, GOBERNO E ADMINISTRACIÓN.

Art. 10: Órganos do partido.

A estrutura interna e o funcionamento do partido baséanse en principios democráticos. Son órganos do partido os seguintes:

- 1.- O Congreso.
- 2.- A Asemblea Xeral.
- 3.- Coordinadora Xeral.
- 4.- Grupos de Traballo.
- 5.- Aqueles outros órganos ou estruturas de participación asamblearia que se aproben por decisión da Asemblea Xeral.

Art. 11: O Congreso.

1.- É o máximo órgano do partido, con competencias na aprobación das propostas xerais da acción política e político-institucional do partido, así como sobre a modificación dos Estatutos, de acordo co previsto na Disposición Adicional Primeira.

2.- Reunirase anualmente con carácter ordinario e extraordinariamente cando así o decida a Asemblea Xeral ou por solicitude non inferior ao 50% da afiliación.

3.- Toda a afiliación do partido pode asistir ao Congreso, con dereitos de voz e voto, non admitíndose o voto delegado, aínda que se poderán habilitar outras formas de votación electrónica, sempre que cumpran coas garantías necesarias.

4.- Por decisión da Asemblea Xeral poderanse recoñecer formas de participación nos debates a persoas non afiliadas.

5.- O Congreso será convocado por acordo da Asemblea Xeral cunha antelación mínima de tres meses antes da súa celebración, de ser esta ordinaria, e dun mes, de ser extraordinaria.

A orde do día será fixada por acordo da Asemblea Xeral. En todo caso, incluírase na orde do día do Congreso calquera punto que sexa solicitado ao efecto mediante escrito suscrito por un número de militantes igual ou superior ao 10% do conxunto da militancia.

6.- As propostas e documentos incluídos na orde do día do Congreso serán redactadas por unha Comisión-Ponencia, de composición paritaria, nomeada ao efecto pola Asemblea Xeral, e deberán estar a disposición da militancia desde o momento mesmo da convocatoria do Congreso.

7.- Entre a convocatoria do Congreso e os sete días anteriores á súa celebración, calquera militante ou grupo de militantes poderá presentar por escrito emendas ou propostas alternativas ás elaboradas pola Ponencia, que poderán ser rexeitadas ou aceptadas, total ou parcialmente, pola Comisión-Ponencia, do cal daráselle traslado á militancia, como mínimo, dous días antes do Congreso.

8.- O Congreso estará presidido por unha Mesa de 9 persoas, de composición paritaria e elixida polo propio Congreso, a proposta da Asemblea Xeral.

9.- Para a deliberación e votación no Congreso das propostas e documentos seguiranse as seguintes regras:

a) O debate e votación das emendas que se manteñan precederá sempre ao das propostas ou documentos da Ponencia.

b) Cada emendante disporá dun tempo de exposición, seguida da resposta da Ponencia. Os tempos de exposición fixaranse pola Mesa do Congreso.

c) Os acordos do Congreso adoptaranse sempre por maioría simple.

Art.12: A Asemblea Xeral.

1.- A Asemblea Xeral é o máximo órgano executivo do partido, con competencias no cumprimento dos acordos e resolucións do Congreso, no desenvolvemento dos fins e obxectivos do partido, así como na determinación de decisións sobre os mesmos.

2.- Son competencias da Asemblea Xeral:

a) Convocar o Congreso e, no seu caso, a convocatoria doutros órganos aos que se refire o art. 10 dos presentes Estatutos.

b) Executar ou, no seu caso, delegar a execución dos acordos e resolucións dos órganos do partido.

c) Determinar e executar as decisións sobre a actividade política e político-institucional do partido, así como, no seu caso, a súa participación en procesos electorais e a forma xurídico-legal desta.

d) Aprobar os orzamentos e as contas, así como a súa liquidación contábel.

e) Resolver sobre os procedementos disciplinarios.

f) Designar a/as persoa/as que ostente a representación legal do partido.

g) Modificar os Estatutos, de acordo co previsto na Disposición Adicional Primeira.

h) Aprobar o Código Ético, o Código Disciplinario, a Carta Financieira, así como a constitución e composición dos órganos executivos como a Coordinadora Xeral, os Grupos de Traballo e/ou estruturas que decida.

3.- Reunirase mensualmente con carácter ordinario e extraordinariamente por solicitude non inferior a 1/3 da afiliación. Deberá ser convocada pola Coordinadora Xeral, que será responsábel de fixar a orde do día. Entre a convocatoria e a Asemblea deberá mediar un prazo mínimo de cinco días, debendo remitirse coa convocatoria a documentación (ou acceso á mesma) dos asuntos incluídos na orde do día. As actas das asembleas, sexan ordinarias ou extraordinarias, deberán facerse públicas cumprindo a principio de transparencia.

4.- A Asemblea está constituída polo conxunto directo da afiliación, con dereito de voz e voto, persoal, libre e directo. Tamén poderán asistir e participar na Asemblea persoas non afiliadas, con voz e sen voto.

5.- Calquera persoa afiliada poderá solicitar a inclusión dun asunto na orde do día, solicitándoo por escrito cunha antelación mínima de sete días antes da súa celebración.

6.- Para a deliberación e votación dos asuntos incluídos na orde do día seguiranse as seguintes regras:

a) A Asemblea estará presidida por unha Mesa de 3 membros, de composición paritaria, elixida pola propia Asemblea, a proposta da Coordinadora Xeral.

b) A deliberación dos asuntos comezará pola exposición razoada e motivada a cargo dunha persoa designada pola Coordinadora Xeral, ou de ser o caso, pola persoa responsable da proposta.

c) Todas as persoas asistentes teñen dereito a turno de voz de intervención. Os tempos e turnos serán fixados pola Mesa.

d) Os acordos da Asemblea Xeral adoptaranse, como norma xeral, por maioría simple, con excepción doutro quórum que así se precise nos presentes Estatutos, aínda que se promoverá a adopción de acordos por consenso.

7.- A Asemblea Xeral designará as persoas afiliadas que ostenten a representación legal do Partido e a responsábel da xestión económico-financieira do partido, podendo coincidir na mesma persoa. Esa representación e responsabilidade pode ser revocada por acordo do mesmo órgano.

Art. 13: A Coordinadora Xeral.

A Coordinadora Xeral realiza a política definida pola Asemblea Xeral, adoptando para isto cantas resolucións considere necesarias, sempre de acordo coas normas e directrices emanadas daquela.

A) A Coordinadora Xeral é elixida directamente pola Asemblea Xeral e estará composta por:

1.- O/a coordinador/a

2.- Un representante o voceiro/a de cada un dos grupos de traballo.

3.- O/A coordinador/a adxunto/a do grupo municipal.

B) A Coordinadora Xeral é o órgano encargado de aplicar e dirixir a política do partido Sadamaioría e ademais terá encomendada as seguintes funcións:

- a) A organización e vida interna do partido.
- b) As relacións con outros grupos políticos e sociais, de ámbito local, comarcal, provincial e autonómico.
- c) A adquisición, administración e gravame dos bens do partido.
- d) A realización de cantas actividades sexan necesarias en tódolos aspectos para o cumprimento dos fins do partido político.
- e) O seguimento do labor do Goberno local.
- f) A definición global da política do partido Sadamaioría no ámbito municipal.
- g) O seguimento da actuación dos representantes do partido nos poderes públicos.
- h) Aprobar o proxecto de orzamentos do partido, tanto ordinarios como extraordinarios, para as campañas electorais, para a súa aprobación na Asemblea Xeral.
- i) Propoñer á Asemblea Xeral cantos acordos estime convenientes para a vida política do partido.

C) A Coordinadora Xeral reúnese coa frecuencia que por si mesma acorde. Será convocada polo/a Coordinador/a e, no seu efecto, pola metade máis un dos seus membros. Entre a convocatoria da sesión da Coordinadora Xeral e a súa celebración mediarán como mínimo 48 horas. A orde do día será fixada polo Coordinador/a, debendo incluírse no orde do día, aqueles asuntos que sexan solicitados por calquera dos membros ou ben aqueles solicitados a proposta escrita dun mínimo do 10% do conxunto da militancia. As decisións da Coordinadora Xeral, adóptanse por maioría simple dos seus membros presentes. Das reunións da Coordinadora Xeral levantarase a acta correspondente.

D) O/A Coordinador/a será elixido/a pola Asemblea Xeral entre os/as adheridos/as que para dito cargo se postulen. O seu mandato durará un ano. Transcurrido dito prazo, deberase proceder mediante convocatoria da Asemblea, ao nomeamento do/a Coordinador/a, que poderá recaer na mesma persoa ou noutra distinta.

O/A Coordinador/a é o/a portavoz cualificado da Coordinadora Xeral, ostenta a representación do Partido e coordina os traballos da Coordinadora Xeral. Igualmente terá como función a organización da vida política do partido, nas súas relacións externas, tanto cos medios de comunicación como calquera outro organismo oficial. Poderá votar man dun representante do Grupo de Comunicación ou de calquera outro, se así o precisar.

E) Para a deliberación e votación dos asuntos incluídos na orde do día, seguiranse as seguintes regras: a deliberación dos asuntos comezará pola exposición razoada e motivada a cargo da persoa designada polo/a Coordinador/a ou, de ser o caso, pola persoa responsable da proposta. Todas as persoas asistentes teñen dereito a turno de voz de intervención.

A responsabilidade da Coordinadora Xeral é colexiada, o que non exime ós seus membros das responsabilidades que adquiran persoalmente polo desenvolvemento das súas funcións. Farase constar na acta de cada reunión os votos particulares que houbera sobre as decisións recaídas.

O/a Coordinador/a preside os actos orgánicos, modera as reunións da Coordinadora Xeral e acredita coa súa sinatura todos os documentos políticos e orgánicos.

Art. 14: Os Grupos de Traballo.

Os Grupos de Traballo son grupos abertos que, para desenvolver as súas tarefas, deberán reunirse periodicamente. Poderán formar parte destes grupos todas aquelas persoas que pertencen á Asemblea, participando polo menos nun mínimo de dúas Asembleas Ordinarias, comprometéndose coa organización, asinando o Código Ético, o Manifesto e a ficha de inscrición.

Establécese, como mínimo, a existencia dos seguintes grupos de traballo:

***Grupo de Coordinación e Finanzas.-** Ten coma tarefas:

- a) Dinamización da organización.
- b) Coordinación das áreas organizativas.
- c) Estudar e propoñer solución as necesidades estruturais e organizativas.
- d) Control das finanzas da organización: tesourería e contabilidade. Realizar o cobro das cuotas dos/as afiliados/as, así como practicar os requirimentos necesarios no caso de impago destas.
- e) Procura de fontes de financiamento.
- f) Calquera outra función que lle designe a Asemblea Xeral.

***Grupo de Participación, Extensión e Comunicación.-** Ten como tarefas:

- a) Establecer condicións para fomentar a participación dacordo cos principios programáticos.
- b) Establecemento de criterios de extensión da organización.

c) Procura de ferramentas para a comunicación interna (intranet, fóruns, grupos..)

d) Manter e actualizar os perfís das redes sociais, web e lista de correo.

e) Dar resposta e manter o contacto con aqueles que se comuniquen coa organización.

f) Establecer contactos cos medios de comunicación e prensa, sempre baixo a tutela do coordinador/a.

g) Redacción, edición e maquetación de notas de prensa, comunicados, voceiros,

h) Calquera outra función que lle asigne á Asemblea Xeral.

*** Grupo de Análise, Acción Política e Informes.-** Ten coma tarefas:

a) Elaboración de criterios de comunicación política, tanto en contidos como de carácter formal.

b) Dinamización dos debates nas asembleas.

c) Elaboración de análises conxunturais cando se precisen.

d) Elaboración de informes políticos expresando a posición da organización a requerimento dos integrantes do equipo de goberno.

e) Dinamización da elaboración das propostas de programa electoral no seu momento.

***Grupo ou Comité Ético.-** Será o encargado de elaborar un informe e propor sanción, no seu caso, de todos aqueles expedientes sancionadores que incoe a Coordinadora Xeral. Dito informe será trasladado á Asemblea Xeral, encargada de resolver, segundo o procedemento contemplado no artigo 9 dos presentes Estatutos. O Comité Ético estará formado por tres persoas, que serán elixidas por orde alfabética, entre todas aquelas que formen parte da Asemblea e estiveran comprometidas coa organización tras firmar o seu Manifesto e a inscrición. A permanencia neste grupo estará limitada a un período de seis meses. Transcurrido ese tempo, correranse os nomes da lista.

***Grupo de Goberno.-** Estará formado por aqueles membros de SADAMAIIORÍA que foron elixidos para desenvolver cargos públicos tras un proceso electoral. Ademais, forma parte deste grupo a figura do Coordinador adxunto do grupo municipal ou de goberno, encargado de facer de nexos ou unión de dito grupo coa organización. É obriga do Grupo de Goberno dar conta á Asemblea de todo aquilo que se lle requira, así como levar a cabo as políticas que dende a mesma se deseñen.

***Comisións especiais.**- Serán grupos non permanentes no tempo, que se formarán para o estudo e análise dun tema concreto ou dunha área específica. Poderán formarse por solicitude do Grupo de Goberno, como ferramenta de axuda e apoio para o mesmo, ou pola propia Asemblea Xeral.

CAPÍTULO CUARTO: RÉXIMEN ECONÓMICO E PATRIMONIAL.

Art. 15.: Recursos económicos.

Son recursos económicos do partido:

- a) As cotas e achegas dos seus membros.
- b) O produto das actividades propias do partido político e os rendementos procedentes da xestión do seu propio patrimonio, os beneficios procedentes das súas actividades promocionais e os que se poidan obter dos servizos que poidan prestar en relación cos seus fins específicos.
- c) As doazóns en diñeiro ou en especie, que perciban nos termos e condicións previstos na Lei Orgánica 8/2007, de 4 de xullo, sobre financiamento dos partidos políticos.
- d) Os fondos procedentes dos empréstitos ou créditos que, no caso, se concerten.
- e) As herdanzas ou legados.

Art.16: Patrimonio.

Sadamaioría carece de patrimonio fundacional, con excepción da web propia e dos dereitos asociados á súa denominación.

Art.17: Procedemento de rendición de contas. Administración, fiscalización e control.

1.- A administración, fiscalización e control do seu réxime económico e patrimonial realizarase segundo as seguintes normas:

- a) A duración do exercicio económico é o ano natural.
- b) Compete á Asemblea Xeral a aprobación dos Orzamentos e as Contas do partido.
- c) Compete á/ás persoas que exerzan a representación legal, a excusión da xestión económico-financeira do partido, podendo delegar ou compartir tal función con outras persoas, por acordo ao efecto da Asemblea Xeral.
- d) Aos efectos de transparencia e control interno que garanta a adecuada intervención, contabilizadora de todos os actos e documentos dos que se deriven

dereitos e obrigas de contido económico, publicarase na web do partido información actualizada (con perioricidade mínima trimestral) da xestión e situación económico-contábel do partido. Calquera persoa terá acceso ás ditas contas, coas únicas reservas dispostas pola Lei Orgánica 15/1999, de 13 de decembro, de Protección de Datos de Carácter Persoal.

Art. 18: Réxime documental. Obrigacións contábeis.

1.- O partido levará, ademais do Libro de Afiliadas/os, os Libros de Actas, de Contabilidade, de Tesouraría, e de Inventarios e Balances, que permitan en todo momento coñecer a súa situación financeira.

2.- A contabilidade adecuarase aos principios e normas de contabilidade precisados na Resolución de 8 de outubro de 2013, da Presidencia do Tribunal de Contas español, pola que se publica o Acordo do Pleno de 26 de setembro de 2013, de aprobación do Sistema de Contabilidade Adaptado ás Formacións Políticas, ou norma que a substitúa.

CAPÍTULO QUINTO: DISOLUCIÓN DO PARTIDO.

Art. 19: Disolución.

1.- O partido disolverase ou extinguirase por acordo da Asemblea Xeral, por maioría de 4/5 da afiliación, en asemblea convocada ao efecto e co dito único asunto na orde do día.

2.- O patrimonio resultante no momento da disolución, unha vez satisfeitas as obrigas financeiras que existiren, destinarase a asociacións de carácter benéfico ou social ou ao que se acorde expresamente no acordo de disolución.

DISPOSICIÓN ADICIONAIS

Primeira.- Reforma dos Estatutos.

1.- A modificación dos presentes Estatutos será competencia da Asemblea Xeral, con excepción do relativo aos art. 1 ao 3, cuxa competencia fica atribuída ao Congreso.

2.- Os acordos de modificación estatutaria requiren maioría de 2/3 para a súa aprobación.

Segunda.- Código Ético.

A Asemblea Xeral, no prazo máximo de tres meses desde a inscrición do partido, aprobará un Código Ético, sobre a base dos seguintes principios básicos:

1.- Toda persoa militante que asuma función de representación do partido, ou faga parte dunha candidatura electoral ou ostente un cargo institucional, deberá subscribir un documento no que se compromete a:

- a) Cumprir cos principios, fins, obxectivos e acordos do partido.
- b) Someterse ao mandato de revogabilidade.
- c) Dar conta da súa actuación perante a Asemblea Xeral.
- d) No seu caso, cumprir coa Carta Financeira.

Terceira.- Carta financeira.

A Asemblea Xeral, no prazo máis breve posible dende a inscrición do partido, aprobará unha Carta financeira, de aplicación á afiliación que ostente cargos ou postos retribuídos representativos ou de designación política, en ambos os casos dependentes do partido, para os efectos de contribución financeira a éste.

Documento aprobado pola Asemblea Xeral, en sesión ordinaria, o 11 de novembro de 2015.